

Lingua 5º / Unidade 9 / Un anuncio de radio

Actividade 1

Enunciado: Rodea os lexemas e subliña as desinencias das seguintes formas verbais

podasen lembrabas ollou exercitaron abriu
vimos deberán canta estudaches comes

Solución

podasen lembrabas ollou exercitaron abriu
vimos deberán canta estudaches comes

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata cinco erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Analiza o verbo: número, persoa, tempo e modo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Competencias sociais e cívicas.

Actividade 2

Enunciado: Subliña as formas verbais que se corresponden co indicado.

- 3.^a persoa do plural do futuro de indicativo.

andaran comerá saltaron mercarán saían

- 2.^a persoa do singular do pretérito de indicativo.

comestes falaches estivemos falaches espertastes

Solución

- 3.^a persoa do plural do futuro de indicativo.

andaran comerá saltaron mercarán saían

- 2.^a persoa do singular do pretérito de indicativo.

comestes falaches estivemos espertastes

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita.	Realiza o que se solicita e comete ata un erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Analiza o verbo: número, persoa, tempo e modo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 3

Enunciado: Escribe as formas non persoais dos seguintes verbos.

afirmar _____

comer _____

dicir _____

Solución

Afirmar afirmado, afirmando.

Comer, comido, comendo.

Dicir, dito, dicindo.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Analiza o verbo: número, persoa, tempo e modo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 4

Enunciado: Explica o uso destas palabras e escribe unha oración con cada unha.

Por que: _____

• _____

Porque: _____

• _____

Porqué: _____

• _____

Solución

Por que nas oracións interrogativas indirectas. Porque indica causa, motivo ou finalidade. Porqué substantivo sinónimo de motivo ou razón. As oracións son de resposta libre. Cómpre que as escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Usa con corrección por que, porque e porqué.

Competencias clave

Competencia matemática.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 5

Enunciado: Completa con **se non** ou **senón**.

- Dixo que _____ chega a tempo empecemos sen el.
- Este ano non iremos ao monte _____ á praia.
- Pregúntome quen _____ María podería ter escrito isto.
- _____ queres suspender, terás que estudar máis.

Solución

- Dixo que **se non** chega a tempo empecemos sen el.
- Este ano non iremos ao monte **senón** á praia.
- Pregúntome quen **senón** María podería ter escrito isto.
- **Se non** queres suspender, terás que estudar máis.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable
8.2. Usa adecuadamente se non e senón.

Competencias clave

Competencia matemática.
Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 6

Enunciado: Responde.

• Que é un folleto turístico? _____

• Que partes pode ter? _____

Solución

É un impreso con ilustracións e textos que amosa os aspectos máis interesantes dun lugar para promovelos.

Paisaxe, clima, cultura, aloxamentos, como chegar...

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita e comete un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece as características do folleto turístico.

Competencias clave

Competencia para aprender a aprender.

Conciencia e expresión cultural.

Actividade 7

Enunciado: Completa a táboa.

	aumentativo	diminutivo	despectivo
peixe			
touro			
porta			

Solución

	aumentativo	diminutivo	despectivo
peixe	peixazo	peixiño	peixucho
touro	tourazo	tourinho	tourucho
porta	portazo	portiña	portucha

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Escribe o que se solicita e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Identifica sufixos e clasificalos en aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia matemática.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Actividade 8

Enunciado: Que é o desenlace dunha narración?

Solución

É a parte da obra que se corresponde co momento da narración na que se relatan os acontecementos e se desenvolve a acción principal.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escrebe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escrebe o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escrebe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliabile

9.1. Identifica o nó na narración.

Competencias clave


Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 9

Enunciado:

Escrebe un anuncio para vender un destes produtos na radio.



Solución

Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escrebe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escrebe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escrebe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Coñece as características dun anuncio de radio.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.
Sentido da iniciativa e o emprendemento.

Actividade 10

Enunciado: Completa.

A partir do ano _____ iníciase a recuperación das letras galegas. Un papel importante vaino ter a _____, fundada por persoas que pretendían _____.

Entre os autores destacan: _____

Solución

A partir do ano **1950** iníciase a recuperación das letras galegas. Un papel importante vaino ter a **Editorial Galaxia**, fundada por persoas que pretendían **manter o espírito da cultura galega**. Entre os autores destacan: **Otero Pedrayo, Caballás, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Blanco Amor, Fernández del Riego**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece autores de posguerra.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

